



## Guía Docente

| Datos Identificativos |  |                    |               |           | 2021/22 |
|-----------------------|--|--------------------|---------------|-----------|---------|
| Asignatura (*)        | A Recepción da Literatura  |                    | Código        | 613584113 |         |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)  |                    |               |           |         |
| Descritores           |  |                    |               |           |         |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo          | Créditos  |         |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre  | Primeiro           | Optativa      | 3         |         |
| Idioma                | Castelán   |                    |               |           |         |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |               |           |         |
| Prerrequisitos        |  |                    |               |           |         |
| Departamento          | Letras   |                    |               |           |         |
| Coordinación          | Ledo Martínez, Jorge   | Correo electrónico | j.ledo@udc.es |           |         |
| Profesorado           | Ledo Martínez, Jorge   | Correo electrónico | j.ledo@udc.es |           |         |
| Web                   | coruna.academia.edu/JorgeLedo  |                    |               |           |         |
| Descrición xeral      | Este curso céntrase nun duplo proceso de recepción. Por unha banda, o das fontes clásicas e tardoantigas nos textos programáticos do humanismo renacentista italiano; por outro, a influencia destes manifestos italianos nos textos programáticos do humanismo castelán.  |                    |               |           |         |
| Plan de continxencia  | <p>1. Modificacións dos contidos</p> <p>Os contidos do curso manteranse de acordo coa programación da guía docente, que se verá ampliada e complementada co programa do curso que se entregará aos estudantes na primeira sesión, xa sexa en formato papel ou en dixital. Os materiais necesarios para realizar o curso deixaranse no servizo de reprografía e, en caso de pasar ao formato non presencial, compartiranse a través de Microsoft Teams. Non hai, por tanto, ningunha modificación nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>Metodoloxías previas que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Sesión maxistral</li><li>- Presentación oral</li><li>- Traballos tutelados (computa na avaliación)</li><li>- Atención personalizada</li></ul> <p>Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Seminario. Será realizado ben a través de Teams, con presentacións xerais e breves lecturas complementares, en sesións síncronas ou asíncronas.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Correo electrónico. Diariamente.</li><li>- Teams. Diariamente. Prefírense as consultas polo chat desta plataforma.</li><li>- Teams. Unha (1) sesión semanal grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Inclúense as presentacións dos alumnos a través de Teams. Unha (1) sesión semanal con o grupo para o seguimento e apoio na realización dos traballos tutelados? (dependendo do número de estudantes, poderán dividirse os grupos).</li><li>- Teléfono. En circunstancias especiais nas que o estudante non teña acceso a ferramentas informáticas e só até que se solucione a situación.</li></ul> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- 10% asistencia e participación nas sesións maxistrais online.</li><li>- 30% presentación dun dos textos do curso (individualmente ou en grupo)</li><li>- 60% Ensaio final.</li></ul> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non hai cambios. Todos os materiais facilitaranse a través da Wiki de Microsoft Teams en combinación con Sharepoint.</p> |                    |               |           |         |

## Competencias do título

| Código | Competencias do título |
|--------|------------------------|
|--------|------------------------|



|     |   |
|-----|---|
| A1  | Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural   |
| A2  | Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural   |
| A7  | Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes  |
| A9  | Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos   |
| A10 | Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos  |
| A12 | Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais  |
| A14 | Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais   |
| B3  | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro  |
| B4  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida   |
| B5  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| B6  | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse  |
| B7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe  |
| B8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade  |
| B10 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma   |
| C1  | Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva  |
| C2  | Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos  |
| C3  | Demostrar un compromiso ético coas desigualdades  |
| C4  | Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade  |
| C5  | Integrar coñecementos de campos de estudos diversos   |
| C6  | Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares  |
| C7  | Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador   |

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe   | Competencias do título |     |     |
|---|------------------------|-----|-----|
|   | AM1                    | BM3 | CM1 |
| Coñecer as principais correntes teóricas que teñen integrado e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes. Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.   | AM2                    | BP1 | CM2 |
| Desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais. Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos. Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos. Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural. Analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación. Manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais. Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais. | AM7                    | BP2 | CM3 |
|   | AM9                    | BP3 | CM4 |
|   | AP1                    | BP4 | CM5 |
|   | AI1                    | BP5 | CM6 |
|   | AI3                    | BP7 | CI1 |

## Contidos

| Temas   | Subtemas   |
|---|--|
| 1. Introducción. A literatura programática como xénero literario dentro da cultura do Renacemento |  |
| 2. As orixes da cultura do manifesto literario e do manifesto como literatura                     | 2.1. Francesco Petrarca, orixe dun novo tipo de intelectual<br>2.2. Giovanni Boccaccio e a reflexión sobre a poesía pagá<br>2.3. Leonardo Bruni. Florencia como fetiche do humanismo renacentista: Unha nova xeografía intelectual europea |



|  |   |
|--|---|
| 3. A cultura do manifesto chega á súa madurez. A expansión cara aos dominios da ficción, do trivium e da filosofía «sistemática» | <p>3.1. Leon Battista Alberti. Ficción e humor como instrumentos filosóficos.</p> <p>3.2. Lorenzo Vala. A cimentación do humanismo renacentista. A gramática e a latinidade como alicerces na construción dunha nova cultura.</p> <p>3.3. O retorno de Platón a Europa. A reconfiguración filosófica do poder da poesía. A intelectualización dun novo ideal amoroso</p> <p>3.4. Pico della Mirandola. A dignidade do home como motivo central dentro da cultura dos humanistas italianos. Contraposición ao modelo medieval da miseria do home, precedentes cuatrocentistas e triunfo posterior.</p> <p>3.5. Juan Luís Vives, Ensinar a través da ficción. Representar a verdade de forma indirecta.</p> |
| 4. A recepción en segundo grao. O humanismo na cultura española  |   |
| 5. Discusión e listaxe de temas posibles de traballo   |   |

| Planificación          |   |                   |   |              |
|------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias  | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A1 A14 A7 A10 A9<br>A12 B5 B7 B8 C2 C3<br>C7 C5                   | 10                | 0   | 10           |
| Lecturas               | A1 A2 A7 A9 B5 B6<br>B7 B8 C2 C4 C7 C6                            | 0                 | 10  | 10           |
| Obradoiro              | A1 A2 A7 A10 A9 B4<br>B5 B6 B7 B8 B3 C2<br>C4 C5                  | 2                 | 9   | 11           |
| Estudo de casos        | A1 A14 A7 A10 A9<br>A12 B4 B5 B6 B7 B8<br>C1 C2 C3 C4 C7 C5<br>C6 | 2                 | 9   | 11           |
| Actividades iniciais   | A2 A12 B5 B6 B7 B8<br>C2 C3 C4 C5                                 | 1                 | 0   | 1            |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A14 A7 A10 A9<br>A12 B5 B6 B7 B8 B10<br>B3 C1 C3 C7 C6      | 0                 | 31  | 31           |
| Atención personalizada |   | 1                 | 0   | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías         |  |
|----------------------|--|
| Metodoloxías         | Descrición   |
| Sesión maxistral     | O profesor presentará contidos teórico-criticos pertinentes da materia obxecto de estudo.  |
| Lecturas             | O alumno preparará diversas lecturas asignadas polo profesor.  |
| Obradoiro            | Mediante a combinación de diversas metodoloxías (discusión dirixida, debate, exercicios, etc.) o alumno levará a cabo distintas actividades sobor diferentes aspectos do programa baixo a supervisión do profesor.                         |
| Estudo de casos      | Debate sobre aspectos de creación, mediación e edición literaria relacionados coas lecturas obrigatorias.  |
| Actividades iniciais | Identificación dos coñecementos previos do alumno relacionados coa materia obxecto de estudo, así como os seus intereses, morivación... Preténdese obter información para artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa. |
| Traballos tutelados  | Os alumnos desenvolverán un traballo, previamente consensuado co profesor, sobre calquer aspecto relacionado coa materia obxecto de estudo nesta asignatura.   |



## Atención personalizada

| Metodoloxías     | Descrición  |
|------------------|---|
| Sesión maxistral | Durante a primeira sesión do curso, consultarase cos alumnos cal é o horario de titorías máis cómodo para eles, e o docente adaptarase á súa elección. Os alumnos sempre poden fixar unha cita a través do correo electrónico do docente j.ledo[at]udc.es |

## Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias  | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|---|--|---------------|
| Traballos tutelados | A1 A2 A14 A7 A10 A9<br>A12 B5 B6 B7 B8 B10<br>B3 C1 C3 C7 C6      | Se valorará a capacidade de investigación literaria do alumno en función do análisis crítico do tema obxecto de estudo, o razoamento ordenado da exposición, as referencias pertinentes á bibliografía e o uso correcto do idioma castelá. Data de entrega: último día de clase. | 60            |
| Obradoiro           | A1 A2 A7 A10 A9 B4<br>B5 B6 B7 B8 B3 C2<br>C4 C5                  | Se valorará a comprensión e capacidade crítica do alumno mediante Presentacións breves individuais, consensuadas co profesor, sobor temas pertinentes ás lecturas de: a) as obras literarias obrigatorias; e b) as lecturas bibliográficas indicadas polo profesor.              | 20            |
| Estudo de casos     | A1 A14 A7 A10 A9<br>A12 B4 B5 B6 B7 B8<br>C1 C2 C3 C4 C7 C5<br>C6 | Se valorará a orixinalidade na correlación textual (consideración hermenéutica do texto) e contextual (histórico-social:recepción crítica, bibliografía específica, canon, etc.).  | 20            |

## Observacións avaliación



## 1. Observacións xerais

1.1. Tanto as actividades como as probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas. (V. Criterios de corrección de traballos).

1.2. As presentacións orais realizaranse ao longo do curso. A partir da terceira/cuarta sesión.

1.3. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de actividades se estas foren realizadas fóra de prazo sen causa xustificada.

Alén diso, se se detectar plaxio, este levará consigo un 0,0 inapelable.

1.4. O alumnado que non supere a materia na primeira oportunidade poderá recuperala total ou parcialmente na segunda oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.

1.5. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio (mesmo de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades polo/a estudante). En caso de se producir plaxio, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).

## 2. Cualificación final na segunda oportunidade (xullo)

2.1. Os estudantes que suspenderen a presentación oral deberán facer outra proba do mesmo tipo na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da facultade para a segunda oportunidade. Esta proba suporá igualmente o 20% da cualificación final e será preciso obter 5 puntos sobre 10 para aprobar.

2.2. Os estudantes que suspenderen as actividades programadas (que se corresponden co apartado "Obradoiro") deberán realizar outras actividades substitutivas que se lles encomendaren e que constituirán o 20% da cualificación final. Para este efecto, o profesorado da materia fará públicas, xunto coas cualificacións da primeira oportunidade, as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega etc.).

## 3. Cualificación de non presentado/a

3.1. Se o alumno non presentase o seu ensaio final, nin fíxese a súa presentación, recibirá unha cualificación.

## 4. Alumnado a tempo parcial con dispensa académica

4.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes).

4.2. No caso de que algún estudante teña calquera dificultade para cumprir no calendario previsto coas actividades avaliábeis exixidas (e non se lle teña concedido a dispensa académica), deberá dirixirse á docente, coa maior antecedencia posíbel, para fixar en conxunto datas alternativas.

\* Nota Bene: Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. O alumnado deberá contactar co profesor antes do mes de novembro.



|   |  |
|---|--|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alonso de Cartagena (2018). La génesis del humanismo cívico en Castilla: Alfonso de Cartagena (1385?1456), ed. de Tomás González Rolán, Antonio López Fonseca y José Manuel Ruiz Vila. Madrid: Escolar y Mayo</li> <li>- Juan de Lucena (2014). Diálogo sobre la vida feliz. Epístola exhortatoria a las letras, ed. Jerónimo Miguel. Madrid: RAE</li> <li>- Elio Antonio de Nebrija (2011). Gramática sobre la lengua castellana. Paginae Nebrissenses, eds. Carmen Lozano y Felipe González Vega. Madrid - Barcelona: RAE - Galaxia Gutenberg</li> <li>- Elio Antonio de Nebrija (2014). Apología, ed. y trad. B. Macías Rosendo y P. Martín Baños. Huelva: Universidad de Huelva</li> <li>- Fernán Pérez de Oliva (2010). «Diálogo de la dignidad del hombre», ed. M. L. Cerrón Puga, en Diálogos españoles del Renacimiento, coord. A. Vian, pp. 417-475. Granada, Almuzara</li> <li>- Juan Maldonado (1980). Paraenesis ad litteras, ed. y trad. J. Alcina, est. introd. E. Asensio. Madrid: Fundación Universitaria Española</li> <li>- Cristóbal de Villalón (2010). «Ingeniosa comparación entre lo antiguo y lo presente», ed.. A. Vian, en Diálogos españoles del Renacimiento, coord. A. Vian, pp. 311?399. Granada: Almuzara</li> <li>- Baltasar de Céspedes (2018). Discurso de las letras humanas, llamado «El humanista», ed. Mercedes Comella. Madrid: RAE - CECE</li> <li>- Alonso de Freylas (1603). Discurso si los melancólicos pueden saber lo que está por veni. <a href="http://bit.ly/2lz8s98">http://bit.ly/2lz8s98</a></li> <li>- Diego de Saavedra Fajardo (2006). República literaria, ed. J. García López. Barcelona: Crítica</li> </ul> <p>Os alumnos non teñen que mercar ningún libro para este curso. Todos os materiais necesarios ?programación das sesións, bibliografía secundaria, fontes primarias? atópanse no dossier que pode adquirirse en reprografía. En todo caso, inclúese aquí a listaxe por se os estudantes quixesen facerse cunha copia antes de empezar as sesións. O resto de información necesaria ou complementaria ?ligazóns, fontes complementarias, recursos dixitais, etc.? pode atoparse no moodle da materia, que se actualiza de maneira continua durante o curso, polo que se recomenda que os alumnos fagan uso del.Os textos do dossier 2 (textos casteláns) subiranse ao moodle da materia. En todo caso, inclúese aquí a listaxe por se os estudantes quixesen facerse cunha copia antes de empezar as sesións. A función desas edicións, salvo que se indique o contrario, é informativa; se algún alumno quere facer un traballo sobre algunha desas obras, indicaráselle cal é a edición ou edicións críticas a ter en conta.</p> |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cappelli, Guido Maria (2007). El humanismo italiano. Un capítulo de la cultura Europea entre Petrarca y Valla. Madrid: Alianza editorial</li> <li>- Copenhaver, Brian P. y Charles B. Schmitt (1992). A History of Western Philosophy. 3. Renaissance Philosophy. Oxford: Oxford University Press</li> <li>- Gil Fernández, Luis (1997). Panorama social del humanismo español. Madrid: Tecnos</li> <li>- Gómez Moreno, Ángel (1994). España y la Italia de los humanistas. Primeros ecos. Madrid: Gredos</li> <li>- Kristeller, Paul Oskar (1988). Humanism. The Cambridge History of Renaissance Philosophy, ed. C. B. Schmitt, Q. Skinner, E. Kessler, J. Kraye</li> <li>- Rico, Francisco (2002). El sueño del humanismo. De Petrarca a Erasmo. Barcelona: Destino</li> <li>- Rico, Francisco (2007). Esbozo del humanismo Español. Studi Francesi CLIII, pp. 528-533</li> <li>- Rico, Francisco (2018). Prólogo. Baltasar de Céspedes, Discurso de las letras humanas, llamado «El humanista», ed. de Mercedes Comell</li> </ul> <p>Recoméndanse aquí algunhas lecturas introdutorias de carácter xeral que os participantes no curso poden leer antes de comezarmos coas sesións.</p>   |

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



|                                  |
|----------------------------------|
| Materias que continúan o temario |
|                                  |
| Observacións                     |
|                                  |

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías